

FUNCIONARIZACION DO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

PROPOSTA DA XERENCIA 11 DE MARZO DE 2016

A Comisión para a funcionarización do persoal de administración e servizos (PAS) laboral, constituída por representantes da Universidade de Vigo, da Xunta do PAS funcionario e dos Comités de Empresa do PAS laboral

ACORDAN

Artigo 1. Normas xerais.

1. A finalidade deste acordo é establecer o procedemento que permita ao persoal de administración e servizos laboral adquirir a condición de persoal funcionario.
2. Poderá participar voluntariamente o PAS laboral indefinido e fixo con destino definitivo na Universidade de Vigo que se atope prestando servizos en postos de traballo reservados ao PAS funcionario, así como o PAS laboral indefinido e fixo da Universidade de Vigo que se atope en excedencia voluntaria por interese particular ou por incompatibilidade ou ben no suposto de suspensión do contrato con reserva de posto de traballo.
3. O acceso á condición de persoal funcionario realizarse de acordo coa correspondencia dos grupos de clasificación e categorías nos que se encadraban os postos de traballo no réxime laboral e os subgrupos e escalas de administración especial que se relacionan no anexo I.

A correspondencia co subgrupo de clasificación do persoal funcionario realízase atendendo ao grupo laboral e á titulación requirida para o acceso; a correspondencia entre as categorías e as escalas especiais efectúase tendo en conta a súa especificade e as funcións realizadas; finalmente, a determinación do nivel de complemento de destino e o complemento específico realízase con criterios de homologación, tomando en consideración os intervalos de niveis establecidos polas normas xerais de función pública e os fixados na vixente RPT ao PAS funcionario, e de adaptación dos complementos económicos actuais do PAS laboral á estrutura retributiva do persoal funcionario.

4. O proceso de funcionarización non poderá supor nin incremento do cadro do persoal de administración e servizos nin dos seus custes.

Artigo 2. Proceso selectivo.

1. Para participar nas probas de acceso requirirase con carácter xeral reunir os requisitos establecidos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) na data de remate do prazo de presentación de solicitudes. No caso de acceso ao subgrupo A2 considerarase equivalente ao título de diplomado universitario, ter superados os tres primeiros cursos completos dos estudos que conducen á obtención de calquera título oficial de

- licenciado, arquitecto ou enxeñeiro, ou o primeiro ciclo correspondente aos ditos estudos, sempre que este primeiro ciclo conteña unha carga lectiva mínima de 180 créditos.
2. O sistema de selección será o de oposición, mediante a realización dunha proba eliminatoria tipo test, composta por entre un mínimo de 50 preguntas para o subgrupo C2 e agrupación profesional de persoal subalterno e un máximo de 100 para o subgrupo A1. A proba versará sobre o programa que se aprobe para cada subgrupo. Cualificarase con apto ou non apto, sendo necesario para superala contestar correctamente á metade das preguntas.
 3. Coa única finalidade de preparar esta proba e facilitar a funcionarización, a Universidade de Vigo ofrecerá un curso de formación preparatorio, impartido fóra do horario maioritario de traballo, que versará sobre o seguinte programa:
 - I. Procedemento administrativo e réxime xurídico das administracións públicas.
 - II. A Universidade: configuración. Réxime académico.
 - III. Xestión económica.
 - IV. Xestión de persoal. Protección de datos. Prevención e protección da saúde.
 - V. Calidade. Planificación estratéxica. Igualdade.

Tras a correspondente negociación, a Xerencia acordará e publicará o programa detallado para cada subgrupo.
 4. A duración do curso será a seguinte:
 - Acceso ao subgrupo A1: 35 horas.
 - Acceso ao subgrupo A2: 30 horas.
 - Acceso ao subgrupo C1: 25 horas.
 - Acceso ao subgrupo C2 ou á agrupación profesional do persoal subalterno: 20 horas.
 5. Constituírse un tribunal único para o desenvolvemento do proceso de selección, integrado por 5 funcionarios de carreira, que deberán ter a titulación esixida para o acceso ao subgrupo superior, un designado pola Xunta do PAS funcionario, un polos Comités de Empresa do PAS laboral e 3 pola Xerencia. Designaranse seguindo principios de imparcialidade, profesionalidade e paridade; a pertenza ao órgano de selección o será a título individual, sen poder ostentala en representación nin por conta de ninguén.
 6. Para supervisar o proceso de funcionarización, no seu conxunto, constituírse un subcomisión integrada por dous representantes da Xerencia, un da Xunta do PAS funcionario e outro dos Comités de Empresa do PAS laboral.

Artigo 3. Efectos do proceso de funcionarización.

1. O persoal que supere o proceso selectivo será nomeado funcionario de carreira consonte o previsto no artigo seguinte.
2. O persoal que non o supere así como o que libremente optara por non adquirir a condición de persoal funcionario, permanecerá desempeñando o mesmo posto de traballo que viñera ocupando da relación de postos de traballo do PAS funcionario coa condición de "a extinguir", mantendo o réxime laboral que o vinculaba coa Universidade de Vigo ou o que, no seu caso, lle corresponda cando reingrese, mantendo as retribucións correspondentes ao posto de traballo antes da súa adscrición a persoal funcionario.

Artigo 4. Nomeamentos.

1. O persoal que supere o proceso selectivo será nomeado funcionario de carreira e tomará posesión con carácter definitivo e sen solución de continuidade, no mesmo posto de traballo que viñera ocupando. Simultaneamente, asinará un acordo de extinción do contrato de traballo por mutuo acordo, condicionado ao seu nomeamento como funcionario da escala correspondente.
2. A partires da toma de posesión como persoal funcionario de carreira seralle de aplicación, a todos os efectos, a normativa sobre funcionarios aplicable na Universidade de Vigo e iniciarase o cómputo para os efectos de concursos e de consolidación de grao persoal correspondente ao nivel do posto, sempre que se atope incluído no intervalo correspondente ao seu subgrupo de clasificación.
3. Quen acceda á condición de funcionario desde situación distinta á de servizo activo manterase na situación administrativa que lle corresponda, computándose o período de tempo transcorrido na mesma situación en réxime de dereito laboral para os efectos de reingreso.
4. Os nomeamentos publicaranse no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 10. Réxime retributivo.

Ao persoal que se funcionarice aplicaráselle o réxime retributivo aplicable ao persoal de administración e servizos funcionario, garantíndoselle o nivel retributivo que viñera percibindo mediante a asignación dun complemento *ad personam* pola diferenza entre as retribucións de ambos réximes, de carácter absorbible consonte o que estableza a lei de orzamentos xerais do Estado.

Non procederá este complemento cando do proceso de funcionarización se derive o acceso a un posto de persoal funcionario con nivel de complemento de destino superior en máis de tres ao nivel mínimo fixado para cada subgrupo pola LEPG.

Este complemento non se percibirá no caso de obter un posto con carácter provisional ou definitivo que teña asignadas retribucións de importe superior; no primeiro suposto, recuperarase ao reincorporarse ao posto que o orixinou.

No anexo II indícanse as contías adicionais do complemento específico.

Disposición adicional primeira. O persoal funcionario do grupo E poderá acceder á E.A.T.de Servizos Xerais, cumprindo os correspondentes requisitos xerais de acceso.

ANEXO I
INTEGRACIÓN EN ESCALAS FUNCIONARIAS

PERSONAL LABORAL		PERSONAL FUNCIONARIO			
CATEGORÍA	GR	ESCALA	SG	CD	CE
T.S. de Actividades Culturais	I	E.F.S. de Actividades Culturais	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Actividades do Medio Mariño	I	E.F.S. de Actividades do Medio Mariño	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Análise de Superficies	I	E.F.S. de Análise de Superficies	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Análise Instrumental	I	E.F.S. de Análise Instrumental	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Biotecnoloxía	I	E.F.S. de Biotecnoloxía	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Calidade	I	E.F.S. de Calidade	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Calidade Ambiental e Histoloxía	I	E.F.S. de Calidade Ambiental e Histoloxía	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Cultivos Mariños	I	E.F.S. de Cultivos Mariños	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Determinación Estructural e Proteómica	I	E.F.S. de Determinación Estructural e Proteómica	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Igualdade	I	E.F.S. de Igualdade	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Innovación Educativa	I	E.F.S. de Actividades do Medio Mariño	A1	22	10.275,45 €
T.S. de I+D	I	E.F.S. de I+D	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Microscopía Electrónica	I	E.F.S. de Microscopía Electrónica	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Normalización Lingüística	I	E.F.S. de Normalización Lingüística	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Orientación e Promoción do Emprego e o Emprendemento	I	E.F.S. de Orientación e Promoción do Emprego e o Emprendemento	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Prevención de Riscos Laborais	I	E.F.S. de Prevención de Riscos Laborais	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Relacións Institucionais	I	E.F.S. de Relacións Institucionais	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Relacións Internacionais	I	E.F.S. de Relacións Internacionais	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns	I	E.F.S. de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns	A1	22	14.920,29 €
T.S. de Teledetecci3n	I	E.F.S. de Teledetecci3n	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Teledocencia	I	E.F.S. de Teledocencia	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Veterinario	I	E.F.S. de Veterinario	A1	22	10.275,45 €
T.S. de Xesti3n Ambiental	I	E.F.S. de Xesti3n Ambiental	A1	22	10.275,45 €

PERSOAL LABORAL		PERSOAL FUNCIONARIO			
CATEGORÍA	GR	ESCALA	SG	CD	CE
T.M. de Actividades Culturais	II	E.F.G.M.de Actividades Culturais	A2	20	7.819,33 €
T.M. de Graduado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico - A extinguir	II	E.F.G.M.de Apoio á Docencia - A extinguir	A2	20	7.819,33 €
T.M. de Innovación Educativa	II	E.F.G.M.de Innovación Educativa	A2	20	7.819,33 €
T.M. de Prevención de Riscos Laborais	II	E.F.G.M.de Prevención de Riscos Laborais	A2	20	7.819,33 €
T.M. de Tecnoloxías da Información e Comunicacións	II	E.F.G.M.de Tecnoloxías da Información e Comunicacións	A2	20	10.291,45 €
T.E de Actividades Deportivas	III	E.A.F. de Actividades Deportivas	C1	18	6.511,96 €
T.E de Análise dos Alimentos	III	E.A.F. de Actividades Deportivas	C1	19	6.795,28 €
T.E de Análise Instrumental	III	E.A.F. de Análise Instrumental	C1	19	6.795,28 €
T.E de Animalario	III	E.A.F. de Animalario	C1	19	6.795,28 €
T.E de Automatización Industrial	III	E.A.F. de Automatización Industrial	C1	19	6.795,28 €
T.E de Bibliotecas	III	E.A.F. de Bibliotecas	C1	18	6.511,96 €
T.E de Bioloxía	III	E.A.F. de Bioloxía	C1	19	6.795,28 €
T.E de Calidade Ambiental e Histoloxía	III	E.A.F. de Calidade Ambiental e Histoloxía	C1	19	6.795,28 €
T.E de Capataz Forestal	III	E.A.F. de Capataz Forestal	C1	19	6.795,28 €
T.E de Cultivos Mariños	III	E.A.F. de Cultivos Mariños	C1	19	6.795,28 €
T.E de Delineación e Deseño Asistido por Ordenador	III	E.A.F. de Delineación e Deseño Asistido por Ordenador	C1	19	6.795,28 €
T.E de Electrónica	III	E.A.F. de Electrónica	C1	19	6.795,28 €
T.E de Electrónica e Instrumentación Científica e Calibración	III	E.A.F. de Electrónica e Instrumentación Científica e Calibración	C1	19	6.795,28 €
T.E de Física	III	E.A.F. de Física	C1	19	6.795,28 €
T.E de Máquinas Ferramentas	III	E.A.F. de Máquinas Ferramentas	C1	19	6.795,28 €
T.E de Mecánica	III	E.A.F. de Mecánica	C1	19	6.795,28 €
T.E de Mecanizado de Alto Baleiro e P.C.O.	III	E.A.F. de Mecanizado de Alto Baleiro e P.C.O.	C1	19	6.795,28 €
T.E de Medios Audiovisuais	III	E.A.F. de Medios Audiovisuais	C1	19	6.795,28 €
T.E de Nefelometría e Subseptibiliade Magnética	III	E.A.F. de Nefelometría e Subseptibiliade Magnética	C1	19	6.795,28 €
T.E de Química	III	E.A.F. de Química	C1	19	6.795,28 €
T.E de Servizos Xerais	III	E.A.F. de Servizos Xerais	C1	18	6.511,96 €

PERSOAL LABORAL		PERSOAL FUNCIONARIO			
CATEGORÍA	GR	ESCALA	SG	CD	CE
T.E de Taller de Belas Artes	III	E.A.F. de Taller de Belas Artes	C1	19	6.795,28 €
T.E de Taller de Técnicas Escultóricas e Pictóricas	III	E.A.F. de Taller de Técnicas Escultóricas e Pictóricas	C1	19	6.795,28 €
T.E de Técnicas de Artes Gráficas	III	E.A.F. de Técnicas de Artes Gráficas	C1	19	6.795,28 €
T.E de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns	III	E.A.F. de Tecnoloxías da Información e Comunicaci3ns	C1	18	9.682,72 €
T.E de Transporte e Distribuci3n	III	E.A.F. de Transporte e Distribuci3n	C1	18	6.511,96 €
T.E de Xardinería e Zonas Verdes	III	E.A.F. de Xardinería e Zonas Verdes	C1	18	6.511,96 €
A.T. de Información Telefónica	IV	E.A.T.de Información Telefónica	C2	16	6.318,76 €
A.T. de Instalaci3ns Deportivas	IV	E.A.T.de Instalaci3ns Deportivas	C2	16	6.318,76 €
A.T. de Oficial de Laboratorio - A extinguir	IV	E.A.T.de Laboratorio - A extinguir	C2	16	7.546,14 €
A.T. de Servizos Xerais	IV	E.A.T.de Servizos Xerais	C2	16	6.318,76 €
Auxiliar de Servizos	V	Agrupaci3n Profesional do Persoal Subalterno		-	

Escalas

E.F.S. Escala facultativa superior
E.A.F. Escala de axudantes facultativos

E.F.G.M. Escala facultativa de grao medio
E.A.T. Escala de auxiliares técnicos

GR: Grupo
CD: Complemento de destino (nivel)

SG: Subgrupo
CE: Complemento específico (importe)

ANEXO II
CONTÍAS ADICIONAIS AO COMPLEMENTO ESPECÍFICO

Singularidade do posto	Contía anual
Xornada partida	3.003,72 €
Disponibilidade horaria	3.003,72 €
Especial dedicación (Permanencia)	5.286,65 €
Realización parcial da xornada en sábados, domingos e festivos	1.501,86 €

ANEXO III
DIRECCIÓN E RESPONSABILIDADE

	SG	CD	CE
Dirección - grupo I	A1	28	18.690,70 €
Dirección técnica - grupo I	A1	25	13.309,52 €
Responsable - grupo I	A1	23	14.001,75 €
Dirección - grupo I TIC	A1	28	18.690,70 €
Dirección técnica - grupo I TIC	A1	25	17.462,69 €
Responsable - grupo I TIC	A1	23	15.978,04 €
Dirección - grupo II	A2	28	18.690,70 €
Dirección técnica - grupo II	A2	25	13.309,52 €
Responsable - grupo II	A2	23	10.760,40 €
Dirección - grupo II TIC	A2	28	18.690,70 €
Dirección técnica - grupo II TIC	A2	25	13.309,52 €
Responsable - grupo II TIC	A2	23	10.760,40 €
Responsable - grupo III	C1	21	7.384,58 €
Responsable - grupo III laboratorio	C1	21	8.420,97 €
Responsable - grupo III TIC	C1	21	10.389,94 €